



CONCELLO DE POIO

Ref: MC

(Secretaría)

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA NÚMERO CATROCENTOS TRINTA E SETE, REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACION O DIA ONCE DE MAIO DE DOUS MIL DEZ.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e trinta e cinco minutos do día once de maio de dous mil dez, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencias dos Srs./as. Concelleiros D. Xulio Barreiro Lubián, D^a. Luz Senra Lorenzo, D. Xosé L. Martínez Blanco, D^a. Silvia Iglesias Diaz, D. Francisco Piñeiro Murillo, D^a. Margarita Caldas Moreira, D. Alberto Villaverde Méndez, D. Angel Moldes Martínez, D. Miguel A. Martínez Nacemento, D. Manuel Domínguez Álvarez, D^a. Consuelo Besada Lores, D. Gregorio L. Agís Gómez e D^a. Rosa Fernández González; escusan a non asistencia os concelleiros D. Javier Domínguez Lino, D^a. Celeste Nieto García e D^a. Irene Ligerio Iglesias; actuando como Secretaria Xeral a da corporación D^a. Paula Díaz Ramos. Reuníronse en primeira convocatoria para realizar a sesión extraordinaria correspondente ó día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

3383.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO FILLO ADOPTIVO DE POIO DE BENITO MONTERO PREGO, FISCAL DA AUDIENCIA PROVINCIAL DE PONTEVEDRA.- Dase inicio á sesión pola secretaria co relato dos trámites realizados de conformidade co Regulamento da medalla do municipio, honras e distincións do Concello de Poio.

A continuación o xuíz instrutor nomeado polo alcalde dá lectura ao ditame emitido pola Comisión Informativa de Cultura, Educación e Deporte en sesión extraordinaria realizada con data 12 de abril de 2010:

"6.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO Fillo Adoptivo de Poio de Benito Montero Prego, Fiscal da Audiencia Provincial de Pontevedra.

O Presidente e Concelleiro de Turismo e Festexos, Xosé Luís Martínez, informa á Comisión da decisión de inicio de expediente, que se transcribe deseguido:

"Luciano Sobral Fernández, alcalde de Poio, a vista do constante compromiso no proceso de normalización do galego, resolve iniciar o expediente administrativo para distinguir a **Benito Montero Prego como fillo adoptivo de Poio**, como recoñecemento ao seu intenso traballo para mellorar a situación do galego, para a total normalización do galego nos distintos ámbitos da xustiza, polo seu fomento do uso do galego no marco xurídico e a súa contribución para chegar a constituír unha cultura xurídica galega, **designando instrutor do expediente ó Tenente de Alcalde Xosé Luís Martínez Blanco**, Concelleiro Delegado de Turismo e Festexos, con fin de que o mesmo, á maior brevidade, proceda a pescudalos méritos que concorren no mesmo e eleve a proposta correspondente ó Pleno do concello para o devandito nomeamento."

En vista do que presenta a Comisión a súa proposta:

"**Xosé Luís Martínez Blanco**, Concelleiro Delegado de Turismo e Festexos, **instrutor do expediente de NOMEAMENTO DE BENITO MONTERO PREGO COMO FILLO ADOPTIVO DE POIO** presenta a seguinte proposta para a elevación ó Pleno do concello para o devandito nomeamento.

PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE BENITO MONTERO PREGO COMO FILLO ADOPTIVO DE POIO

Benito Montero Prego, Fiscal da Audiencia Provincial de Pontevedra, non sendo natural de Poio, reside no noso municipio, na parroquia de San Salvador desde 1996. Propoñemos o seu nomeamento como fillo adoptivo de Poio por ser un persoeiro destacado e exemplar na labor de promover o uso do galego nun dos ámbitos onde a súa presenza está menos normalizada, o da Xustiza.

Benito Montero é un firme defensor do dereito a usar o galego en todos os estamentos xudiciais. Foi pioneiro na introdución do noso idioma no eido xurídico. Participou en numerosas campañas de normalización lingüística para dar a coñecer os dereitos dos galegos a realizar instancias, convenios, testamentos, declaracións, peritaxes, querelas ou matrimonios na súa lingua.

En 1987 participa no *I Encontro de Xuristas*, que reuniu a maxistrados, xuíces, fiscais, notarios, avogados e

procuradores a prol da normalización do uso do galego na administración de Xustiza.

Desde 1990 é Fiscal da Audiencia de Pontevedra, facendo toda a súa labor de fiscal en galego, converténdose no pioneiro deste posicionamento en Galiza, logo secundado por Carlos Varela. Elabora en galego as cualificación e todo tipo de informes, non só polo seu afán de normalizar a lingua galega na función xudicial senón como exercicio dun dereito legalmente recoñecido. Emprega tamén o galego nas vistas orais. Nas palabras de Benito Montero "é importante que o fiscal escriba e fale en galego porque fai de efecto locomotor, xa que é o primeiro en facer a cualificación, e se fala en galego, o resto dos intervin.000000000000tes perden o medo a empregalo. De feito, se o fiscal comeza os interrogatorios en galego, os avogados inclínanse a empregar o mesmo idioma, e as testemuñas a facer o mesmo".

Benito Montero foi ademais o impulsor do gabinete de tradución que se estableceu na Audiencia de Pontevedra, o primeiro na Galiza.

En 1990 elabora, xunto a Carlos Varela García, o estudo *Falar Galego*, onde se pon de manifesto que, a pesar do marco xurídico existente, aínda existen no noso país administracións que seguen a rexeitar o uso do galego nas súas relacións cos cidadáns, o que supón un trato discriminatorio cara os galegofalantes.

Nese mesmo ano participa na campaña *Declaración en Defensa do Galego na -Xustiza e nas Administracións Públicas*, que reclamaba a incorporación do galego aos xulgados e tribunais, así como unha política de tradución e edición en galego dos textos legais de uso máis frecuente no ámbito dos profesionais e estudantes de dereito, e a redacción e publicación en galego de modelos de documentos e formularios cotiáns.

Asemade reclamábase unha actuación coordinada cos diversos colexios profesionais, asociacións de xuíces e fiscais e sindicatos de traballadores da administración de xustiza para levar adiante iniciativas en defensa do galego.

Dentro das medidas que incluídas nesta declaración, figuran a realización de campañas de divulgación dos dereitos lingüísticos en xulgados, tribunais, notarías, rexistros públicos e ámbitos da profesión, e a utilización xeneralizada do galego por parte dos servizos xurídicos e das autoridades autonómicas nas súas actuacións vencelladas á xudicatura.

En 1993 elabora un estudo sobre a *Cooficialidade de Linguas na Administración de Xustiza*, onde pon de manifesto que o bilingüismo oficial chega a todos os poderes públicos radicados en territorio autonómico, sen exclusión dos órganos

dependentes da Administración Central. Tamén destaca que os cidadáns pertencentes a unha comunidade Autónoma con idioma oficial propio teñen dereito, no seu ámbito territorial, a expresarse nese idioma e que impedir ou dificultar ese dereito sería anticonstitucional e unha violación dun dereito fundamental.

En 1999 foi recoñecido co premio *Lois Peña Novo* pola súa labor de difusión do galego nas administracións públicas.

En 2005 participa na *Declaración sobre a Lingua Galega na Administración de Xustiza*, emitida por xuíces, xuízas, fiscais, secretarios e secretarias xudiciais. Con este mesmo título publícase un volume que recolle textos co testemuño expreso de todos e cada un dos asinantes, como recoñecemento a todos os que fan posible a normalización lingüística na Administración de Xustiza.

Por todo o anteriormente exposto, o Concello de Poio quere distinguir a Benito Montero Prego como fillo adoptivo de Poio, como recoñecemento ao seu intenso e constante traballo para mellorar a situación do galego, para a total normalización do galego nos distintos ámbitos da xustiza, polo seu fomento do uso do galego no marco xurídico e a súa contribución para chegar a constituír unha cultura xurídica galega. En definitiva, polo seu constante compromiso no proceso de normalización do galego en todos os ámbitos da vida."

Indica, así mesmo, que se prevé a data do 21 de maio como posible para a celebración do Pleno extraordinario, pendente de confirmar coa secretaria e o que serán debidamente convocado.

O Presidente somete a votación a proposta que é aprobada con 6 votos a favor (4 BNG + 2 PSOE) e 4 abstencións do Partido Popular."

Comeza o debate o Alcalde resaltando a importante labor que desenvolve D. Benito Montero Prego quen adoptou dende hai xa moitos anos un forte compromiso coa lingua galega, sendo necesario resaltar tal feito nestas datas nas que o seu uso non está especialmente reforzado nin garantido, posuindo e cumprindo sobradamente os requisitos merecedores da distinción municipal a outorgar.

A voceira do grupo municipal do PSdG-PSOE quere manifestar unha vez máis o seu apoio á proposta e a traxectoria dunha persoa que decide apostar pola fala galega

nun ámbito como é a Administración de Xustiza no que este idioma é escasamente utilizado.

D. Xosé Luis Martínez Blanco, considera que a ausencia do voceiro do grupo municipal do partido popular e de D^a Celeste Nieto nesta sesión é unha falta de respecto cara o proposto e a propia corporación, lamentando as consideracións realizadas polos mesmos nos medios de difusión. Se se realiza un exame dos méritos dos beneficiarios das honras e distincións concedidos polo Concello de Poio pode observarse que poucos como D. Benito Montero Prego xustifican tal decisión municipal.

O idioma galego so terá nominalmente carácter oficial mentres o seu uso non se extenda a todos os ámbitos da vida colectiva e máis no eido no que D. Benito Montero Prego desenvolve a súa labor profesional no que o castelán é a lingua dominante, facilitando a todos os cidadáns dende hai xa máis de trinta anos a posibilidade de poder realizar todos os seus actos e trámites en galego.

D. Alberto Villaverde Méndez no nome do seu grupo recoñece a actuación de D. Benito Montero Prego en favor do uso do galego na Administración de Xustiza pero sinalando que con elo está a facer uso dunha liberdade de elección como el mesmo realiza habitualmente. Por isto considera que para ser nomeado fillo adoptivo a persoa proposta debería contar con condicións que máis alá do uso lingua galega, teñan proxección no Concello de Poio.

Toma de novo a palabra D. Xosé Luis Martínez Blanco para manifestar que os méritos de D. Benito Montero Prego non se refiren a utilización da lingua galega na Administración de Xustiza en si mesmo senón a ter realizado tal elección nun momento histórico hostil e difícil para este idioma engadindo ademais que dende o ano 1996 é veciño do concello.

O voceiro do grupo municipal do BNG comparte cos concelleiros presentes na sesión unha recente experiencia nos xulgados para ilustrar como o uso do galego na Administración de Xustiza segue a ter actualmente moitas barreiras e obstáculos canto máis fai trinta anos.

D^a Margarida Caldas declara igualmente que en razón da súa profesión vive experiencias como a relatada por D. Xulio Barreiro Lubián todos os días, sendo moitas, dende os meros programas informáticos, as trabas que se poñen para que

calquera persoa poida relacionarse con tal poder público en lingua galega sendo tan so tres xuíces e fiscais os que no ámbito xurisdiccional pontevedrés, levan a cabo a súa actuación profesional en galego.

D. Alberto Villaverde Méndez reitera de novo que recoñecendo a importante traxectoria da persoa proposta como fillo adoptivo, debería aportar méritos vinculados co devenir do Municipio sen que poda ser considerado como tal a mera residencia no mesmo.

Pecha o debate o Alcalde quen manifesta una vez máis aos asistentes a importancia da labor desempeñada por D. Benito Montero Prego na normalización do uso do galego na Administración de Xustiza.

Sometido a votación ordinaria, de conformidade co establecido no art. 9 do Regulamento da medalla do municipio, honras e distincións do Concello de Poio, por dez votos a favor (7 BNG e 3 PSdG-PSOE) e tres votos en contra do PP e a abstención de D. Ángel Moldes Martínez, o Pleno, por maioría absoluta do seu número legal de membros, ACORDOU:

Primeiro.- Nomear fillo adoptivo do Concello de Poio a D. Benito Montero Prego como recoñecemento ao seu intenso e constante traballo para mellorar a situación do galego, para a total normalización do galego nos distintos ámbitos da xustiza, polo seu fomento do uso do galego no marco xurídico e a súa contribución para chegar a constituír unha cultura xurídica galega e, en definitiva, polo seu constante compromiso no proceso de normalización do galego en todos os ámbitos da vida.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia, sendo as vinte horas e seis minutos, péchase a sesión, do que eu secretaria xeral dou fe.